
unha ferramenta para a indignación

Xabier Cordal

<http://montealto.blogaliza.org/>

Tweet estenso 1

A indignación do proletariado, da cidadanía excluída, está lonxe de ser unha elección moral. Pon se queres o oído nas paredes da túa casa: podes sentila. Ou se cadra che abonde o silencio e un espello.

Quen chama pola indignación é porque conserva parte da dignidade. A quen non ten tempo para educar as fillas, sen diñeiro para coidar os vellos doentes e todos comen merda nun sofá ante a telerrealidade; a quen choia de nove a nove, vinte e cinco días ao mes, sen dereitos sindicais e por seiscentos euros, ou está no paro, a eses a dignidade éelles materialmente expropiada.

Tweet estenso 2

Na **expropiación** da dignidade hai o expropiador, hai o expropiado ou a expropiada e hai o botín. O expropiador amasa os beneficios, entre os cales computa (non facemos metáforas: é un valor na Bolsa) a moral do expropiado cando xulga inútil mobilizarse.

Celebramos que unha parte da clase media e os restos da socialdemocracia aplaudan a chamada de Stéphane Hessel á indignación; agora só falta nomear o obxecto contra o cal nos indignamos e as ferramentas para nos arrepoñer.

A primeira é un bote de pintura. Trazamos unha raia e dividimos o chan en dous territorios. Fronte a nós, máis alá da raia, aquilo e aqueles que nos indignan. Tras da raia o **suxeito**. A fraternidade entre as persoas que integran ese suxeito tampouco é (apenas) unha elección moral, senón a única oportunidade de non seguir cedendo terreo ante quen nos indigna.

Tweet estenso 3

O suxeito da indignación acabou descoñecéndose e considera a súa propia existencia unha fantasía. No mellor caso resiste deitado sobre o mundo, teoriza –non rexeitemos nunca ese po-

der-, fabrica relatos, préndense as súas luces aquí e acolá, soña que a suma de relampos locais pode espertalo da inmovilidade. Non basta iso. O relato **fundacional** da rebelión, tras o autogolpe nos EE.UU.[1], faría ben en (re)comezar sincronizando os reloxos.

Tweet estenso 4

Pechamos con respecto e admiración (respecto e admiración ante un legado de combate antifascista) o libro de Stéphane Hessel, Indignévos. Lamentablemente no que toca á correlación de forzas, non estamos na posguerra. A ausencia da proposta de Hessel é a ausencia dun **instrumento**.

Tweet estenso 5

Hessel pensa desde e para o chamado Primeiro Mundo. Aínda que convén lembrar que a socialdemocracia invocou a prosperidade da clase media e as conquistas obreiras para declarar a extinción das alternativas ao capitalismo, estamos nun contexto histórico máis grave; xusto aquel no que a crise desvela xa non a morte do Estado de Benestar, senón o decreto de morte do público, do común. A policía, aínda con cargo aos orzamentos públicos, continúa gozando de moi boa saúde.

Tweet estenso 6

As grandes corporacións veñen de declarar obsoleta a estrutura que elas mesmas propiciaran fronte aos gromos revolucionarios do século XX. Xa non queren investir parte do seu

[1] A maxistral operación político-militar do 11-S varría as nacentes multitudes do espírito de Seattle, presentaba ao mundo o novo inimigo terrorista do Imperio –esta vez un monicreque acartonado- e preparaba o terreo para xustificar os desembarcos en Oriente. Por se quedaban dúbidas sobre o que espera no XXI, a Patriot Act fulminou o que quedaba de democracia.

beneficio no simulacro ideolóxico e cultural contra o bloque antiimperialista.

E igual ca a Igrexa Católica, derrubado o muro de Berlín desde fóra e desde dentro, decátanse de que a última liña de resistencia son os valores que proclamou a Ilustración. Contemplamos o final dunha era, non outra crise cíclica do capitalismo.

Tweet estenso 7

Está en xogo toda noción de cobertura social. Se renunciamos a marcar de inmediato un punto de non retorno (se non trazamos a liña do **innegociable**) as retesías entre organizacións, idearios e proxectos, desde a morna socialdemocracia ata a última das células anarquistas, continuarán fragmentando o poder constituínte da multitude.

A indignación precisa ferramentas.

Tweet estenso 8

Non corresponde a este tempo prescindir de ningún dos pulos emancipadores locais e múltiples. Pero que cadaquén defendamos un programa debe ser compatible cunha mobilización contra o poder financeiro que goberna desde as súas mesmas franquías (bancos, grandes partidos, axencias de cualificación, mercados...) sen se presentaren formalmente ás eleccións e anulando un tras outro os minúsculos resortes que quedaban para que a política puidese decidir sobre a economía.

É un feito que a Nova Orde, sistema falsamente representativo deseñado polos ricos co único fin de garantir o seu monopolio na acumulación, ha responder á defensa da democracia e dos dereitos sociais coa mesma saña con que décadas antes reprimiu a loita obreira.

Tweet estenso 9

Algunhas respostas ao triunfo capitalista semellan ignorar, na práctica, o seu maior éxito. A expropiación contemporánea vai moito máis alá dos plusvalores do período industrial.

A distancia entre as vangardas do pensamento e o pensamento de gran parte da cidadanía excluída non cesou de medrar desde hai trinta anos. As maiorías ignoran que xa non lles pertence o lecer, o corpo, a capacidade representativa (as artes, a imaxinación) e as técnicas para comprender e enunciar (a linguaxe). Os obxectivos iniciais han de formularse dun modo sinxelo.

Tweet estenso 10

Recuperar a interlocución non é un problema de brillantez; nunca foi a teoría tan diversa e accesible. Nin sequera abonda co reseteo das estratexias comunicativas. Ao proletariado cómprelle de novo saber de si, ser unha experiencia, isto é, relacionarse nun espazo (a rúa, os foros físicos ou virtuais) e nun tempo (a mobilización).

Comunicarse (encontrar o sentido do común) é un avance que trae todos os demais avances. Só se pode dar en tempo real.

Tweet estenso 11

A autoconvocatoria horizontal e as siglas da esquerda recoñécense mutuamente. Así o fixeron durante o período que se deu en chamar **antiglobalización**, desactivado tras o 11-S. No caso europeo, sen desbotar método ningún agás a violencia organizada (que se revelou inoperante, fácil de infiltrar e fácil de virar crime de consumo para grandes audiencias), o período de división dos movementos emancipadores debe clausurarse. É radical a capacidade para establecer **alianzas**.

Unicamente cando comunismo, feminismos, resistencias nacionais, ecoloxismo de esquerda, propostas queer, anarquismo etc. concentren a súa potencia nunha folla de ruta a curto prazo, sinxela e innegociable, poderá iniciarse o punto cero do programa. A reconquista da identidade social –a conciencia de clase– non é posible sen **acontecemento**.

É unha crenza que tal fundación simultánea e internacional acabe dándose espontaneamente como produto dalgunha necesidade da Historia.

Tweet estenso 12

Unha **assemblea constituínte** que concorrese ás eleccións europeas, alén dos miles de votos gañados en cada circunscrición, non aspiraría ao posto no mercado partidario, senón a fundar unha marxinalidade consciente de si, a que é vivida ata hoxe coma un arquipélago de derrotas.

Fóra desa liña están signos e memorias da rebelión virados en obxecto (de consumo). Partidos, artistas e intelectuais da corporación sentimental viven de invocar a liña de clase movendo sempre o seu marco á dereita en cada situación que compromete o seu estatus de privilexio.

Fronte a eles, un suxeito de dereitos: á cobertura social universal, á educación, ao coñecemento libre e gratuito, á autoterminación dos pobos e dos corpos; **contra a expropiación** da tecnoloxía e contra calquera patente (relixiosa, empresarial) que persiga lucrarse da ciencia e da relación entre as persoas.

UN MÉTODO PARA A DIGNIDADE

Chamamos polas persoas que pasean, que vagan a través da cidade; polas persoas referenciais no pensamento da esquerda; polas máis pequenas agrupacións de barrio, sociais, culturais; polas organizacións solidarias, polas dez mil siglas que coñecen a censura, a persecución e sobre todo a indiferenza; polos traballadores e traballadoras sen horario para se reunir; polas agrupacións de paradas, de parados.

Calquera punto de Europa é un centro da Asemblea Constituínte. Por iso calquera lugar pode ser o primeiro, non hai periferias, non hai xestos sen relevancia, é fundacional a autoconvocatoria na rúa e tamén a suma de organizacións.

Comecemos nós.